

O CASO DO PAPAGAIO QUE NON LEMBRABA O SEU PROPIO NOME

Érase unha vez un papagaio chamadooooo, chamadoooo... Vaia! Non me lembro de como te chamabas!

Carafio! Como era...? Ahhhh... Xa me acordo do que pasou. Nunca me chegastes a dicir o teu nome. Como pode ser?

(Acercar o papagaio á orella.)

Que me dis! Que non mo dixestes por que non te lembraaas? Pero como pode ser?

(Volver acercar o papagaio á orella e facelo subir e baixar a cabeza moi rápido, como se falara.)

Que os teus pais cho deixaron anotado antes de DESAPARECER? E que como non sabes LER non tivestes forma de saber o teu PROPIO nome? Pero que mala PATA!



(O loro móvese de arriba para abaixo rindo e a narradora ri tamén.)

Ja, ja, ja. Si, que mala PATA! Nunca mellor dito! Ti tes patas e tivestes mala sorte, si! Pero non é xusto que estas sen nome. A que non o é, nenxs?

(Esperar a que os nenxs digan que non.)

(A narradora quédase pensando.)

Ocórreseme unha idea! Queredes sabela?

(O papagaio asinte e os nenxs din que si.)

Pois ademais do nome existe o alcume. Sabedes a diferenza?

(En caso de que ningún nenx se atreva a contestar ou non atope a definición que buscamos.) Pois un ALCUME é un mote, un alias, é dicir, un nome que se emprega entre amigxs e se refire a algunha característica da persoa e, ademais, é fácil de recordar. A ti iso virache ben, co ESQUECEDIZO que es.

A min non se me da nada ben o de inventar ou elixir nomes. Sonche pouco creativa.

(Acercar o papagaio á orella.)

O CASO DO PAPAGAIO QUE NON LEMBRABA O SEU PROPIO NOME

Que as persoas máis creativas no mundo son os nenos? Aí destes no cravo! Que queres que o teu alcume o decidan os nenxs de Cabo de Cruz? Pois paréceme unha idea estupenda. Apetécevos?

(Esperar a que os nenxs digan que si.)

Pero, claro, para que poidamos elixir un alcume axeitado teño que contarlle un pouco como es. Importaríache?

(O loro nega coa cabeza.)

A este papagaio tan bonito (Facerlle unha caricia.) encántanlle os libros, sabe que contan historias fabulosas, pero non sabe LER! Ocorréuselle que o mellor sitio para aprender a ler era a biblioteca dun colexio e, entre todas as bibliotecas que tiña para elixir, escolleu esta, a do cole de Cabo. Veu de moi, MOI lonxe e, polo camiño, escoitou que os cativxs de Cabo eran moi especiais, nenxs con carácter pero un gran corazón. Por iso decidiu mudarse aquí.

Ademais de ESQUECEDIZO, como xa sabedes, este papagaio évos moi TÍMIDO e ASUSTADIZO. Non é un papagaio coma os demais; xa vedes que se me arrima á orella para falar. Normalmente, os papagaios andan repetindo cada cousa que dis. Dis! Dis! Dis! (Dicilo con voz de papagaio.)

Este non fará iso xamais; non se atrevería. Precisa vervos varias veces pola biblioteca para atreverse a acercarse a vós. E escapa do ruído; a pouco que sinta falar moi alto á xente, nin que dicir dos berros, escapa voando. Por iso é moi importante que esteamos en silencio e, cando non sexa posible, falemos moi baixiño, MOI baixiño. (Ir baixando o ton da voz.)

Isto que vos contei é todo canto sei del. A ver se, ao ir collendo máis confianza, se anima a contarnos máis cousas. Agora imos colorear unhas plumas para facer que se sinta máis acollido por todxs nós.

O que está claro é que temos que poñernos a discurrir un alcume porque non é xusto que estea sen un. Estaría ben que, por clases, propuxerades un alcume e, entre todxs, votáramos para elixir o máis apropiado nos próximos días. Que vos parece?